



INSTRUCCIÓN Nº 10 DE 13 DE SETEMBRO DE 2018 DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO PARA OS INVESTIMENTOS DE EMPRESAS DO SECTOR PESQUEIRO EN ZONAS DENSAMENTE POBOADAS

O Programa Operativo para España do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020 establece as zonas de actuación del Desenvolvemento Local Participativo (DLP). No caso de núcleos de poboación mais densamente poboados poderase optar por dirixir as actuacións á poboación integrante do sector pesqueiro, e as súas familias, e/ou a proxectos que presenten beneficios para o resto do territorio integrante da zona designada. Neste suposto, contabilizarase só dita poboación.

A orde de 6 de abril de 2015 da consellería do Mar por la que se fai pública a convocatoria de selección de candidatos a grupos de acción local del sector pesqueiro para a elaboración de estratexias de desenvolvemento local participativo no período de programación do Fondo Europeo Marítimo y de Pesca (FEMP) 2014-2020 en Galicia, establece no artigo 3 que a poboación computable na estratexia será a residente nos municipios do anexo I, agás no caso de Ferrol, A Coruña, Pontevedra e Vigo con zonas urbanas densamente poboadas e nos que contabilizará como poboación tan só a integrante do sector pesqueiro e as súas familias.

A orde do 24 de maio de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, e se convocan as correspondentes ao ano 2016, establece nos artigos 6 e 7 quen pode ser beneficiario de proxectos de investimento produtivo e non produtivo respectivamente, contemplándose o caso dos municipios densamente poboados.

Así conforme o artigo 6 (beneficiarios de proxectos de investimento produtivo) no caso de municipios densamente poboados nos que na EDLP non computa a totalidade da poboación (só a integrante do sector pesqueiro e as súas familias), poderán ser beneficiarios:

- 1º. As persoas xurídicas e as persoas físicas integrantes do sector pesqueiro e as súas familias.
(...)
- 2º. As entidades públicas locais cuxos proxectos están dirixidos á poboación integrante do sector pesqueiro ou que presenten beneficios para o resto do territorio da zona pesqueira.

Neste contexto normativo, a experiencia acumulada no proceso de revisión e xustificación de axudas, fai aconsellable mellorar os procedementos coa finalidade de garantir a coherencia entre os proxectos presentados e as actuacións que se poden financiar as persoas xurídicas integrantes do sector pesqueiro nas zonas densamente poboadas que operan ou desenvolven actividades noutros sectores diferentes ao pesqueiro.

Tendo en conta a Disposición derradeira primeira da Orde do 24 de maio de 2016, faculta á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento desta orde, e o punto 2 da cláusula vixésima segunda do convenio, que





habilita á Consellería do Mar para ditar regras complementarias e instrucións para precisar as funcións e obrigas do GALP e para facilitar a execución da EDLP, dítase a seguinte

INSTRUCCIÓN:

1. Cando a empresa do sector pesqueiro sexa unha persoa xurídica e opere ou desenvolve actividades noutros sectores, deberán acreditar no momento da solicitude que a meirande parte da súa facturación provén do sector pesqueiro. O antedito porcentaxe de facturación deberá manterse durante os 5 anos posteriores á solicitude de pagamento final do expediente.

Como consecuencia do anterior, e á vista da información contable facilitada polo promotor, o GALP remitiralle ao Servizo de Desenvolvemento das Zonas de Pesca da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, un informe anual, asinado polo responsable do equipo técnico de cada GALP, e por cada proxecto desta natureza que conte con resolución de concesión de axuda (mentres dure o período de compromiso dos investimentos de cada expediente).

Os informes anuais do GALP indicarán con claridade se o promotor segue cumprindo co compromiso que figura na resolución de concesión de axuda de cada expediente, indicando en caso contrario a porcentaxe de incumprimento a respecto da mesma.

En Santiago, a 13 de setembro de 2018
A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Susana Rodríguez carballo
(*asinado dixitalmente*)

